

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 28 de marzo de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras do programa Escolas Abertas para entidades galegas do exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento PR923E).

O artigo 7 do Estatuto de autonomía de Galicia recoñece ás comunidades asentadas fóra de Galicia o dereito a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego mediante o recoñecemento da súa galegitude, cuxo alcance e contido será regulado por lei do Parlamento.

A Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, establece que son comunidades galegas as entidades sen ánimo de lucro, asentadas fóra de Galicia e constituídas por persoas galegas, con personalidade xurídica no territorio en que estean asentadas, que teñan por obxecto principal os labores de protección, instrución ou lecer das persoas galegas residentes fóra de Galicia e dos seus descendentes, e/ou o mantemento ou o fomento dos lazos culturais, sociais ou económicos con Galicia.

Segundo o establecido no artigo 27 do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a disposición adicional primeira do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, des-concentra na persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e as resolucións en materia de axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

Contribuír á preservación da nosa lingua, tradicións, folclore e historia nas comunidades galegas asentadas fóra do territorio de Galicia e á pervivencia das entidades que as aglutinan é unha tarefa fundamental da Secretaría Xeral da Emigración por canto o mantemento dos lazos culturais e sociais da colectividade galega no exterior coa Galicia territorial cons-



titúe a expresión mesma da galegitude, tal e como se entende na Lei 7/2013, do 13 de xuño.

Para dar cumprimento aos obxectivos anteriormente citados, por medio desta resolución esta secretaría xeral convoca e regula o programa Escolas Abertas 2023 destinado a dar formación especializada á mocidade que está a ocupar cargos directivos nas entidades galegas do exterior e ás persoas responsables de impartir docencia en actividades de cultura tradicional galega, da confección de traxes tradicionais galegos, ou responsables da cociña nas ditas entidades.

En virtude do exposto, no exercicio das competencias atribuídas no Decreto 108/2022, do 16 de xuño, e de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei 9/2007; nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), e demais normativa de aplicación,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras do programa Escolas Abertas, dirixido á mocidade que está a ocupar cargos directivos nas entidades galegas do exterior e ás persoas responsables de impartir docencia en actividades de cultura tradicional galega, da confección de traxes tradicionais galegos para a entidade, ou responsables da cociña nas ditas entidades (código de procedemento administrativo PR923E).

2. Así mesmo, por medio desta resolución, convócase este programa para o ano 2023.

Artigo 2. *Entidades beneficiarias e requisitos*

1. Programa Escolas Abertas para persoas responsables de impartir docencia en actividades de cultura tradicional galega ou da confección de traxes tradicionais galegos.

Poderán ser beneficiarias das subvencións establecidas para estas modalidades do programa as entidades galegas asentadas fóra de Galicia que estean recoñecidas en cal-



quera das categorías establecidas no artigo 4 da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade e cumbran os seguintes requisitos:

a) Ter escolas constituídas ou grupos consolidados da especialidade solicitada que acrediten unha actividade continuada.

b) Ter grupos constituídos nos últimos dez anos e estar no seu proceso de recuperación, no suposto de non cumprir o requisito establecido na letra a).

c) Ter grupo de baile ou música debidamente constituído e cun funcionamento ininterrompido, como mínimo, durante catro anos, no suposto de solicitar participar no obradoiro de confección de traxe tradicional galego.

As persoas propostas deben ser maiores de 18 anos e menores de 65. Malia o anterior, mediante resolución razoada, á vista de circunstancias excepcionais de excelencia nas materias que se impartirán no obradoiro correspondente, a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración poderá autorizar a participación dalgunha persoa maior ou menor destas idades.

2. Programa Escolas Abertas para persoal responsable da cociña.

Poderán ser beneficiarias desta modalidade do programa as entidades galegas asentadas fóra de Galicia que estean inscritas nas seccións de comunidades galegas, centros colaboradores ou federacións de entidades do Rexistro da Galeguidade que contén con servizo de cociña ou comedor que ofrezca menús elaborados.

As persoas propostas deben estar traballando na cociña ou comedor da entidade galega solicitante, xa a xestionen directamente ou teñan arrendada ou cedida a unha terceira persoa, e ter unha experiencia superior a un ano desde a data de publicación da convocatoria.

3. Programa Escolas Abertas para promover a cualificación da mocidade no desempeño de cargos directivos.

Poderán ser beneficiarias desta modalidade do programa as entidades galegas asentadas fóra de Galicia que estean inscritas nas seccións de comunidades galegas, centros colaboradores ou federacións de entidades do Rexistro da Galeguidade.



As persoas propostas deberán ter unha idade comprendida entre os 21 e 35 anos e formar parte da xunta directiva da entidade cando menos, durante un ano desde a data do remate do prazo de presentación de solicitudes.

4. Non poderán ser beneficiarias as entidades en que conorra algunha das prohibicións establecidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. As entidades só poderán solicitar unha candidatura por modalidade segundo o modelo normalizado do anexo II (ficha da persoa proposta). Así mesmo, non poderán propoñer a participación no programa de persoas que xa participaran nel, en calquera das modalidades convocadas, máis de dúas veces nas últimas catro convocatorias do programa. Se así for, quedarán excluídas.

6. Os requisitos teñen que cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 3. *Características do programa*

1. O programa consiste no desenvolvemento de obradoiros de especialización de carácter presencial nas seguintes modalidades:

a) Culturais:

- Baile tradicional galego.
- Canto popular e pandeireta.
- Gaita tradicional galega.
- Percusión tradicional galega.
- Confección de traxe tradicional galego.
- Cociña galega.

b) Formación de persoal directivo.



2. A formación será intensiva, de carácter participativo, cunha duración mínima de 50 horas lectivas teórico-prácticas e impartida por profesionais e persoas expertas con experiencia na modalidade de que se trate.

No suposto de obradoiros de canto popular e pandeireta, gaita e percusión, cada alumno/a deberá vir provisto/a do instrumento musical necesario para o seu desenvolvemento.

Artigo 4. *Desenvolvemento do programa*

1. O programa, que terá lugar no mes de xullo do ano 2023 e preferiblemente en Santiago de Compostela, oferta un total de 72 prazas distribuídas do seguinte xeito:

- Área 1 (países europeos): 18 prazas.
- Área 2 (países do resto do mundo): 54 prazas.

As prazas vacantes nunha das áreas poderanse adxudicar á outra área, de haber nela solicitudes admitidas e contar con crédito suficiente no programa.

2. O lugar de celebración, o desenvolvemento de cada unha das modalidades e a non realización dos obradoiros que non acaden un número mínimo de oito (8) solicitudes establecerase mediante resolución da persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración. No caso de que o número de solicitudes presentadas para algunha modalidade de obradoiros sexa elevado, sempre que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan, poderase determinar a realización de máis dun obradoiro das ditas modalidades. Para o obradoiro de formación de persoal directivo, de haber suficientes solicitudes admitidas, reservarse o 70 % das prazas para mulleres.

3. As persoas participantes que así o desexen poderán prorrogar a súa estadía en Galicia unha vez finalizadas as actividades ata completar un período aproximado de quince (15) ou trinta (30) días desde o remate da actividade. Todos os gastos derivados desta prórroga serán asumidos polo/a participante.

A entidade que propoña unha persoa que desexe prorrogar a súa estadía en Galicia segundo os termos anteriormente indicados deberá reflectilo na solicitude de participación no programa cubrindo o recadro correspondente.



Artigo 5. Financiamento, gastos subvencionables e compatibilidade**1. Financiamento.**

As axudas do programa teñen a consideración de axudas en especie e, consecuentemente, non supoñen contabilización de gasto.

Os servizos que se prestan as persoas participantes nesta convocatoria serán obxecto de licitación, de acordo coa normativa de contratos do sector público. Para a realización do programa resérvase un crédito de 141.395,80 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.226.07 –actuacións derivadas da Lei da galeguidade– dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023.

2. Gastos subvencionables.

A Secretaría Xeral da Emigración farase cargo dos gastos necesarios para a organización e o desenvolvemento dos obradoiros programados dentro do programa Escolas Abertas 2023.

Igualmente, farase cargo do custo da estadia e da viaxe de ida e volta das persoas participantes desde os seus países ou comunidades de residencia ata o lugar onde se desenvolvan os obradoiros.

3. Compatibilidade.

As subvencións concedidas ao abeiro desta resolución serán compatibles con calquera outra que puidese ser concedida para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que levou a cabo a entidade beneficiaria.

Artigo 6. Forma e lugar de presentación de solicitudes

1. As entidades con sede social en España presentarán as solicitudes obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado que figura como anexo I desta resolución, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da



súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Excepcionalmente, as entidades domiciliadas fóra do territorio español poderán presentar as solicitudes por medios electrónicos ou de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común e nas delegacións da Xunta de Galicia en Bos Aires (Arxentina) e en Montevideo (Uruguai), utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, tendo en conta que as entidades destinatarias destas subvencións están situadas en múltiples países con niveis de desenvolvemento tecnolóxico moi diferentes, constituídas de acordo coa lexislación aplicable en cada un e con características legais, técnicas e funcionais distintas, non asimilables á situación vixente en Galicia, que imposibilitan ou impiden a presentación electrónica de solicitudes. O medio de presentación elixido manterase para calquera tipo de relación coa Secretaría Xeral da Emigración ata que remate o procedemento.

Artigo 7. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De acordo co artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 8. *Documentación complementaria*

1. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

1.1. Documentación xeral.

a) Certificado de residencia fiscal emitido en 2023 polas autoridades competentes do país de residencia no suposto de entidades que non teñan a súa residencia fiscal en territorio español.



b) Ficha da persoa proposta (anexo II): unha ficha por cada unha das persoas propostas.

c) Documento identificativo da persoa proposta, no caso de non dispor de DNI ou NIE. Se se dispón de DNI ou NIE só se achegará no caso de opoñerse á súa consulta no anexo I segundo o disposto no artigo 9 da resolución.

d) Breve currículo que recolla a experiencia, os coñecementos e o nivel de estudos da persoa aspirante en relación coa materia obxecto do obradoiro. No suposto de solicitudes para obradoiros de formación de persoal directivo, debe constar unha especial referencia á formación académica e experiencia de xestión.

e) Declaración da persoa aspirante pola cal se compromete a ensinar e/ou aplicar os coñecementos adquiridos no seo da entidade durante, como mínimo, dous anos. No caso de solicitudes para obradoiros de cociña galega, esta declaración referirase ao compromiso de incluír no menú da entidade todos ou parte dos pratos aprendidos.

1.2. Documentación específica para os obradoiros de baile, gaita e percusión tradicionais e de canto popular e pandeireta:

a) Unha gravación en formato dixital de uso común da modalidade solicitada que non exceda os catro (4) minutos, sen ningún outro instrumento acompañando, no caso de gaita e percusión. No caso de baile e canto popular e pandeireta, a gravación deberá ser solista.

b) Certificación da entidade relativa á/s escola/s ou grupo/s con que conta e ao número de alumnos e alumnas que os compoñen, segundo o modelo que figura como anexo III.

1.3. Documentación específica para o obradoiro de confección de traxe tradicional galego:

a) Certificación de ter grupo de baile ou música debidamente constituído e cun funcionamento ininterrompido como mínimo durante catro anos, segundo modelo que figura como anexo IV.

b) Certificación da entidade na cal acredite a experiencia da persoa proposta en corte e confección de traxe tradicional galego e, de ser o caso, copia do título oficial de corte e confección.



1.4. Documentación específica para o obradoiro de cociña galega:

a) Certificación de que a entidade conta con servizo de cociña ou comedor que ofrece menús elaborados (anexo II).

b) Certificación da entidade na cal acredite a experiencia da persoa proposta como responsable na súa cociña durante polo menos un ano anterior á data da convocatoria (anexo II) e, de ser o caso, copia do título oficial de cociña.

c) Certificado da entidade de que xestiona directamente a cociña e comedor do centro ou de que ten arrendada ou cedida a xestión da cociña e comedor do centro a unha empresa privada ou terceira persoa segundo anexo II.

1.5. Documentación específica para obradoiro de formación de persoal directivo.

a) Acta en que se recolla o nomeamento como membro da xunta directiva da persoa proposta.

b) Certificación de que na actualidade a persoa proposta sigue formando parte da xunta directiva, do cargo que ocupa e da duración do seu mandato (anexo II).

2. Co fin de lograr a efectiva difusión deste programa e co obxectivo de garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade recollidos no artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, poderanse recoller experiencias e mesmo imaxes das persoas participantes que poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais, publicacións e tamén divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como na páxina web <https://emigracion.xunta.gal>.

Para estes efectos, a presentación da solicitude de participación implica a autorización para a publicación destas imaxes.

Así mesmo, as persoas participantes no programa Escolas Abertas poden autorizar que se lles remita información doutros programas ou futuras accións promovidas pola Secretaría Xeral da Emigración.

3. Ademais, na epígrafe correspondente do anexo I faranse constar as seguintes declaracións:

a) O conxunto de todas as axudas concedidas para a mesma finalidade da solicitada ao abeiro desta resolución.



b) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan coa solicitude son certos.

c) Que non se está incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Que non se está incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Que se está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

f) Que se está ao día no pagamento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

g) Que a entidade solicitante se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

4. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a entidade interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da entidade interesada. De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á entidade interesada a súa achega.

5. As entidades con sede social en España e aquelas outras que así o elixisen, ao abeiro do artigo 6.2, deberán presentar a documentación complementaria electronicamente. Se algunha destas entidades presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.



Consonte co disposto no artigo 6.2 da convocatoria, excepcionalmente, as entidades domiciliadas fóra do territorio español que presenten a solicitude presencialmente poderán presentar a documentación complementaria por esta mesma vía en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola entidade interesada para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

7. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

8. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos poden consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

9. Os datos achegados coa solicitude deberán concordar cos que constan da entidade no Rexistro da Galeguidade, en caso contrario, prevalecerán os inscritos neste último. A falsidade ou ocultación de datos na documentación presentada para a obtención da axuda comportará a exclusión do proceso de valoración e, polo tanto, a imposibilidade de ser beneficiaria das axudas establecidas nesta resolución.

10. O material audiovisual poderase presentar en calquera formato de uso común, como mp4, avi, mov ou wmv, e non pode superar os 12 MB.

Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultarase os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Datos incluídos no Rexistro da Galeguidade previsto na Lei 7/2013, do 13 de xuño.



b) Certificación de estar ao día do pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

c) Certificación de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.

d) Certificación de estar ao día do pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

e) DNI/NIE da persoa proposta para a realización do obradoiro, de ser o caso.

2. No caso de que as entidades interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da entidade interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 10. *Instrución e resolución*

1. O procedemento de concesión destas axudas será o de concorrencia competitiva previsto no artigo 19 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A ordenación e instrución do procedemento correspóndelle á Subdirección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas.

3. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes e comprobado que estas reúnen os requisitos establecidos nesta resolución, elaboraranse listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas por países, sinalando as causas de exclusión. Estas listas serán publicadas no prazo máximo de corenta (40) días desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<https://emigracion.xunta.gal>), e tamén estarán expostas nos taboleiros de anuncios das delegacións da Xunta de Galicia en Bos Aires e Montevideo.

4. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se achega a documentación exigida, a Secretaría Xeral da Emigración requirirá a entidade solicitante para que, nun



prazo máximo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración das listas provisionais (<https://emigracion.xunta.gal>), formule as alegacións ou achegue os documentos preceptivos que considere oportunos para emendar a solicitude. Transcorrido ese prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase desistida da súa petición e procederase ao arquivamento do seu expediente nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

5. Transcorrido este prazo, elaboraranse as listas definitivas de solicitudes admitidas e excluídas, que se publicarán na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<https://emigracion.xunta.gal>).

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderase requirir a entidade solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

6. Respecto dos expedientes en que concorran causas de inadmisión, así como de declaración ou aceptación de desistencia, o órgano instrutor formulará a correspondente proposta.

En todo caso, non se admitirán a trámite e procederase ao arquivamento das solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na convocatoria.

7. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora prevista no artigo 11, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que se lles notificará ás entidades interesadas mediante a súa publicación na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<https://emigracion.xunta.gal>) co fin de que no prazo de dez días presenten as alegacións oportunas, de ser o caso.

Examinadas as alegacións aducidas, se é o caso, polas entidades interesadas, formularase a proposta de resolución definitiva, que se elevará á persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

No caso de que no procedemento non se tivesen en conta outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polas entidades interesadas, poderase prescindir deste trámite de audiencia e, neste caso, a proposta de resolución terá o carácter de definitiva e elevarase á persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.



Artigo 11. Comisión Avaliadora

1. Os expedientes serán avaliados por un órgano colexiado, que emitirá o correspondente informe en que se concrete o resultado da avaliación. Este órgano colexiado estará formado por tres persoas funcionarias da Secretaría Xeral da Emigración e avaliará as solicitudes presentadas, asistido por un ou varios especialistas na materia, segundo os criterios obxectivos desta resolución.

2. Unha vez examinados os expedientes e elaborado o informe, elevarao ao órgano instrutor para que formule a proposta de resolución.

Artigo 12. Criterios de valoración

Os criterios de valoración para a selección das persoas participantes serán os seguintes:

1. Criterios específicos segundo a tipoloxía de obradoiro.

1.1. Obradoiro de baile tradicional galego, canto popular e pandeireta, gaita e percusión tradicionais galegas.

Valorarase a calidade técnica da interpretación obxecto da gravación presentada ata un máximo de 60 puntos distribuídos do seguinte xeito:

a.1) Obradoiro de canto popular e pandeireta, gaita tradicional galega e percusión tradicional galega:

- Afinación: ata un máximo de 15 puntos.
- Expresión: ata un máximo de 15 puntos.
- Rítmica: ata un máximo de 15 puntos.
- Estética musical: ata un máximo de 15 puntos.

a.2) Obradoiro de baile tradicional galego:

- Expresión: ata un máximo de 20 puntos.



– Rítmica: ata un máximo de 20 puntos.

– Técnica: ata un máximo de 20 puntos.

A interpretación que a comisión avaliadora considere de maior calidade técnica obterá a máxima puntuación prevista, minorándose a puntuación do resto de forma proporcional en comparación con aquela.

A comisión de valoración poderá propoñer a inadmisión das solicitudes que non acaden o nivel técnico suficiente.

1.2. Obradoiro de confección de traxe tradicional galego.

Valorarase a capacidade técnica da persoa proposta cun máximo de 60 puntos de conformidade cos seguintes criterios:

a) Estar en posesión do título oficial de corte e confección: 30 puntos.

b) Ter experiencia en corte e confección de traxe tradicional galego, debidamente certificado pola entidade galega: 30 puntos.

1.3. Obradoiro de cociña galega.

Valoraranse cun máximo de 60 puntos de conformidade cos seguintes criterios:

a) Capacidade técnica da persoa proposta.

a.1) Estar en posesión dun título oficial de cociña: 20 puntos.

a.2) Ter experiencia en cociña, debidamente acreditada mediante declaración responsable da persoa representante legal da entidade galega ou daquela en que prestase servizos: 20 puntos.

b) Situación xurídica da cociña e comedor na entidade galega:

b.1) Entidades que xestionan directamente a cociña e comedor do centro: 20 puntos.

b.2) Entidades que teñen arrendada ou cedida a xestión da cociña e comedor do centro a unha empresa privada ou terceira persoa: 5 puntos.



1.4. Obradoiro de formación de persoal directivo.

Valoraranse cun máximo de 60 puntos de conformidade cos seguintes criterios:

a) Categoría da entidade galega no exterior solicitante:

- Comunidade galega: 60 puntos.
- Centro colaborador: 30 puntos.
- Federación: 15 puntos.

2. Criterios comúns a todos os obradoiros.

Valoraranse cun máximo de 40 puntos os seguintes aspectos:

a) Número de persoas socias da entidade galega no exterior solicitante: ata 20 puntos. Outorgaranse 20 puntos á entidade que teña maior número de persoas socias diminuíndose esta puntuación proporcionalmente ás restantes segundo o número de persoas socias que teñan en relación a aquela.

b) Persoas propostas que non participasen nas catro últimas edicións de calquera destes obradoiros: 20 puntos.

No caso de empate, resolverase en primeiro lugar en favor de quen non participase no programa. De persistir o empate, resolverase en favor de quen leve máis anos sen participar. Por último, de persistir o empate, resolverase pola orde alfabética dos apelidos das persoas propostas, comezando por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra que resulte do sorteo anual que corresponda para a actuación de aspirantes nos procesos de selección para o ingreso na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

En caso de renuncia, por causas debidamente xustificadas e sempre que as circunstancias o permitan, poderase adxudicar a praza vacante á seguinte persoa candidata ao obradoiro do que se trate segundo a puntuación obtida por aplicación dos criterios de valoración, con independencia de que pertenza á mesma entidade beneficiaria que a persoa que renuncie.



Artigo 13. Resolución

1. A resolución deste procedemento será ditada pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración e publicada na páxina web <https://emigracion.xunta.gal>

A persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración poderá ditar todas as instrucións que sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta resolución.

2. O prazo máximo para resolver e notificar esta convocatoria será de catro meses contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se diten as resolucións expresas, poderanse entender desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A presentación de solicitudes supón a autorización para a cesión dos seus datos persoais á Secretaría Xeral da Emigración, co fin de poder xestionar a axuda relativa á correspondente convocatoria, polo que no anexo I se inclúe unha manifestación da persoa solicitante neste sentido.

Artigo 14. Publicación e notificación

1. Publicaranse na páxina web <https://emigracion.xunta.gal>, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os actos administrativos de requirimento de emenda de documentación, así como a proposta provisional de resolución.

A eficacia dos citados actos será a partir das devanditas publicacións. Sen prexuízo do anterior, a Secretaría Xeral da Emigración poderá remitir ao enderezo de correo electrónico das entidades, sempre que este conste na solicitude, unha comunicación dando conta da publicación. O cómputo dos prazos efectuarase en todo caso desde a publicación dos actos na páxina web indicada e non desde a súa comunicación.

2. As resolucións serán notificadas ás entidades interesadas nos prazos e na forma establecidos nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, publicaranse na páxina web <https://emigracion.xunta.gal>

3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

6. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

7. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Excepcionalmente, no caso das entidades domiciliadas fóra do territorio español, de acordo co previsto no artigo 6.2 desta convocatoria, as notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos. Non obstante, poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por este medio.

A entidade interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario. No caso de optar pola notificación en papel, practícarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Artigo 15. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as entidades con sede social en España deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da entidade interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Excepcionalmente, as entidades domiciliadas fóra do territorio español tamén poderán realizar trámites posteriores accedendo á Carpeta cidadá e, opcionalmente, poderán tramitar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora de procedemento administrativo común.

Artigo 16. Obrigas, seguimento e control

1. A solicitude de participación supón o compromiso de aceptar que a Secretaría Xeral da Emigración efectúe as comprobacións que crea necesarias para asegurar o cumprimento do contido e as condicións do programa, no caso de concesión.

2. As entidades beneficiarias quedan obrigadas a comunicar á Secretaría Xeral da Emigración calquera posible alteración das circunstancias orixinais, e a Secretaría Xeral da Emigración poderá adoptar a resolución de modificación ou revogación da concesión que corresponda.

Así mesmo, estarán na obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lles sexa requirida no exercicio das funcións de control que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, no exercicio da súa función de fiscalización e control do destino destas axudas.

3. As persoas participantes neste programa estarán obrigadas a:

a) Asistir a todas as horas de formación das actividades para as cales foron seleccionadas.

b) Cumprir as normas ditadas pola Secretaría Xeral da Emigración para o normal desenvolvemento do programa, así como aquelas de réxime interno do centro residencial onde se celebre o programa Escolas Abertas.



c) Ensinar e/ou aplicar os coñecementos adquiridos no seo da entidade durante, como mínimo, dous anos, salvo causas de forza maior non imputables á persoa beneficiaria.

4. A Secretaría Xeral da Emigración levará a cabo as funcións de control, avaliación e seguimento dos programas recollidos nesta resolución. Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Secretaría Xeral da Emigración para comprobar os requisitos exixidos nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación, para o cal as entidades solicitantes prestarán toda a colaboración que lles sexa requirida.

5. O falseamento de datos ou da documentación presentada, así como o incumprimento das súas obrigas, comportará a súa exclusión do programa así como da participación en próximas edicións destes programas, sen prexuízo de que se inicie o correspondente procedemento de reintegro.

6. Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades sufragadas pola Secretaría Xeral da Emigración, así como dos xuros de demora, nos casos e nos termos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita lei. O incumprimento das obrigas dos números 2, 3 e 4 deste artigo suporá o reintegro do 100 % da subvención.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as entidades beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.



Artigo 18. Recursos

1. Contra esta resolución cabe interpoñer de xeito potestativo recurso de reposición, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. As resolucións que se ditén neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se a resolución non for expresa, o recurso poderase interpor en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou, no caso de que a resolución non sexa expresa, o recurso poderase interpor desde o día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional única. Información ás persoas interesadas

1. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e, xunto cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais



2. Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido nesta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2023

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración



PROCEDEMENTO PROGRAMA ESCOLAS ABERTAS PARA ENTIDADES GALEGAS DO EXTERIOR	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO PR923E	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF OU EQUIVALENTE

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

PAÍS NACIONALIDADE

TELÉFONO 1 TELÉFONO 2 CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF OU EQUIVALENTE

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviáranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.gal) (<https://notifica.gal>). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

PAÍS

MODALIDADE DE OBRADOIRO QUE SE SOLICITA

Baile tradicional galego
 Canto popular e pandeireta
 Gaita tradicional galega
 Percusión tradicional galega
 Confección de traxe tradicional galego
 Cocíña galega
 Formación de persoal directivo



A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:


1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ESTADO*	IMPORTE (€)

* Indicar: solicitada ou concedida

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Que a entidade solicitante está ao día nas súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e da Seguridade Social, así como que non ten débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia.
- A entidade comprométese a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente calquera cambio ou modificación e cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
- Que consta na entidade o consentimento por escrito da persoa participante para que se lle tomen e difundan imaxes súas con motivo da súa participación nas actividades obxecto desta convocatoria.

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora




DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

<input type="checkbox"/> Ficha da persoa proposta, anexo II, unha por cada persoa proposta			
Para o obradoiro de baile, gaita e percusión tradicionais e de canto popular e pandeirata:			
<input type="checkbox"/> Certificación da entidade que acredite o número de alumnos/as que compoñen a escola ou grupo de baile, gaita ou canto e percusión só no caso de solicitude dos obradoiros de baile, de canto popular e pandeirata, de gaita e de percusión (anexo III)			
Para o obradoiro de confección de traxe tradicional galego:			
<input type="checkbox"/> Certificación da entidade que acredite que ten grupo de baile ou música debidamente constituído e cun funcionamento ininterrompido como mínimo durante catro anos, só no caso de solicitude de obradoiro de traxe tradicional galego (anexo IV)			
<input type="checkbox"/> Certificación da entidade que acredite a experiencia en corte e confección de traxe tradicional galego			
Para o obradoiro de cociña galega:			
<input type="checkbox"/> Certificación de que a entidade conta con servizo de cociña ou comedor que ofrece menús elaborados (anexo II).			
<input type="checkbox"/> Certificación da entidade na cal acredite a experiencia da persoa proposta como responsable na súa cociña durante polo menos un ano anterior á convocatoria (anexo II)			
<input type="checkbox"/> Certificado da entidade de que xestiona directamente a cociña e comedor do centro ou de que ten arrendada ou cedida a xestión da cociña e comedor do centro a unha empresa privada ou terceira persoa (anexo II)			
Para o obradoiro de formación de persoal directivo:			
<input type="checkbox"/> Certificación de que na actualidade a persoa proposta sigue formando parte da xunta directiva, do cargo que ocupa e da duración do seu mandato (anexo II).			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Certificado de residencia fiscal emitido en 2023 polas autoridades competentes do país de residencia no suposto de entidades que non teñan a súa residencia fiscal en territorio español			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
Datos incluídos no Rexistro da Galegitude	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS	AUTORIZO A CONSULTA
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non

 **SEDE ELECTRONICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: yuq1wbr9-npo6-m2e2-igr1-bitkkkbzclp0



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Secretaría Xeral da Emigración.
Finalidades do tratamento	Xestión deste procedemento e difusión da actividade, así como remitir información doutros programas ou futuras accións promovidas pola Secretaría Xeral da Emigración. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXP e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE


- Resolución do 28 de marzo de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras do programa Escolas Abertas para entidades galegas do exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento PR923E).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

 , de de

Secretaría Xeral da Emigración

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

ANEXO II
FICHA DA PERSOA PROPOSTA
 (cubrir un anexo por cada persoa proposta)

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF OU EQUIVALENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF OU EQUIVALENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			
<input type="text"/>			

DATOS DA PERSOA PROPOSTA							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA		NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
PAÍS	NACIONALIDADE			DATA DE NACEMENTO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
TELÉFONO	TELÉFONO 2	TELÉFONO DE CONTACTO EN GALICIA	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
É galego/a? <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON Fillo de galego/a <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON Neto/a de galego/a <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON							

MODALIDADE DE OBRADOIRO SOLICITADA			
<input type="checkbox"/> Baile tradicional galego	<input type="checkbox"/> Canto popular e pandeirata	<input type="checkbox"/> Gaita tradicional galega	<input type="checkbox"/> Percusión tradicional galega
<input type="checkbox"/> Confección de traxe tradicional galego	<input type="checkbox"/> Cociña galega	<input type="checkbox"/> Formación de persoal directivo	
(Non se solicitarán modalidades en que as persoas propostas participaran máis de dúas veces nas últimas catro convocatorias)			

PREFERENCIA PARA O REGRESO (estadia á conta da persoa participante no programa)
<input type="radio"/> 1. A persoa participante desexa regresar ao rematar a actividade
<input type="radio"/> 2. A persoa participante desexa quedar unha quincena en Galicia logo de rematar a actividade
<input type="radio"/> 3. A persoa participante desexa quedar un mes en Galicia logo de rematar a actividade

A ENTIDADE SOLICITANTE CERTIFICA QUE A PERSOA PROPOSTA:
É RESPONSABLE DE IMPARTIR DOCENCIA nesta entidade na modalidade de:
<input type="checkbox"/> Baile tradicional galego <input type="checkbox"/> Canto popular e pandeirata <input type="checkbox"/> Gaita tradicional galega <input type="checkbox"/> Percusión tradicional galega
<input type="checkbox"/> COLABORA COA ENTIDADE NA CONFECCIÓN DE TRAXE TRADICIONAL GALEGO
<input type="checkbox"/> FORMA PARTE NA ACTUALIDADE DA XUNTA DIRECTIVA DA ENTIDADE
<input type="checkbox"/> É RESPONSABLE DA COCIÑA OU COMEDOR DA ENTIDADE ONDE TRABALLA DE MODO ESTABLE E TEN UNHA EXPERIENCIA NO POSTO SUPERIOR A UN ANO
<input type="checkbox"/> QUE A ENTIDADE CONTA CON SERVIZO DE COCIÑA OU COMEDOR QUE OFRECE MENÚS ELABORADOS



ANEXO II
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

<input type="checkbox"/>	Documento identificativo da persoa proposta, sempre que non dispoña de DNI/NIE		
<input type="checkbox"/>	Breve currículo da persoa aspirante en relación coa materia obxecto do obradoiro		
<input type="checkbox"/>	Declaración da persoa aspirante en que se comprometa a investir os coñecementos adquiridos no seo da entidade		
Para os obradoiros de baile, gaita e percusión tradicionais e pandeireta:			
<input type="checkbox"/>	Gravación en vídeo dixital de uso común da persoa aspirante de conformidade cos requisitos da modalidade solicitada		
Para os obradoiros de corte e confección de traxe tradicional galego:			
<input type="checkbox"/>	Copia do título oficial de corte e confección		
Para os obradoiros de cociña:			
<input type="checkbox"/>	Copia do título oficial de cociña		
Para os obradoiros de persoal directivo:			
<input type="checkbox"/>	Copia da acta de nomeamento como membro da xunta directiva da persoa aspirante.		
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/>	Copia do título oficial de corte e confección		

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa proposta para participar no programa	<input type="checkbox"/>

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--

Secretaría Xeral da Emigración

CVE-DOG: yuq1wbr9-npo6-m2e2-igr1-bitkkkbzclp0




ANEXO III
CERTIFICACIÓN RELATIVA Á ESCOLA OU GRUPO DE BAILE, CANTO E PERCUSIÓN OU GAITA DA ENTIDADE
 (só no caso de solicitudes de obradoiros de baile, canto popular e pandeireta, gaita e percusión)

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF OU EQUIVALENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF OU EQUIVALENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			
<input type="text"/>			

A ENTIDADE SOLICITANTE CERTIFICA QUE DISPÓN DE:					
		Homes	Mulleres		
<input type="checkbox"/> Escola de baile	Nº de alumnos/as:	<input type="text"/>	<input type="text"/>	Denominación:	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> Escola de canto e percusión	Nº de alumnos/as:	<input type="text"/>	<input type="text"/>	Denominación:	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> Escola de gaita	Nº de alumnos/as:	<input type="text"/>	<input type="text"/>	Denominación:	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> Grupo de baile	Nº de integrantes:	<input type="text"/>	<input type="text"/>	Denominación:	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> Grupo de canto e percusión	Nº de integrantes:	<input type="text"/>	<input type="text"/>	Denominación:	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> Grupo de gaita	Nº de integrantes:	<input type="text"/>	<input type="text"/>	Denominación:	<input type="text"/>

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE	
Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>	

Secretaría Xeral da Emigración

CVE-DOG: yuq1wbr9-npo6-m2e2-rgr1-bitkkkbzclp0





ANEXO IV

CERTIFICACIÓN DE DISPOÑER DE GRUPO DE BAILE OU MÚSICA DEBIDAMENTE CONSTITUÍDO
(só no caso de solicitude de obradoiro de confección de traxe tradicional galego)**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL

NIF O EQUIVALENTE

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF OU EQUIVALENTE

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

A ENTIDADE SOLICITANTE CERTIFICA QUE DISPÓN DE: Grupo de baile Cun funcionamento ininterrompido de anos Grupo de música Cun funcionamento ininterrompido de anos**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 , de de

Secretaría Xeral da Emigración

